

REGULAMENTO

- 1- O Concello de Valdoviño organiza a IV Milla Urbana . III CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DIPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA o día 20 de setembro do 2015 en Valdoviño baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo, a través da súa delegación en Ferrol.
- 2- Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.
- 3- As categorías que forman parte desta proba son as seguintes:

CATEGORÍAS	NADOS/AS
Biberón	2010-2009-2008
Benxamín	2006-2007
Alevín	2004-2005
Infantil	2002-2003
Cadete	2000-2001
Xuvenil	1998-1999
Junior	1997-1996
Promesa	1995-1993
Senior	1992-1976
Veterano 1	1975-1980
Veterano 2	1974-1966
Veterano 3	1965-1956
Veterano 4	1955 en diante

- 4- As distancias e horarios das probas son as seguintes:

CATEGORIAS	SEXO	HORA	DISTANCIA
Benxamín	Mulleres	11:10	500m
Benxamín	Homes	11:20	500m
Alevín	Mulleres/Homes	11:30	800m
Infantil	Mulleres/Homes	11:40	1000m
Cadete/Xuvenil	Mulleres/Homes	11:50	1609m
Jun/Prom/Sen/Vet1	Mulleres/Homes	12:00	1609m
Vet 2/Vet 3/Vet 4	Mulleres/Homes	12:10	1609m
Biberóns	Mulleres/Homes	12:30	100m

- 5- O percorrido será ao longo do paseo da lagoa nun circuito de ida e volta de iguais dimensións sobre o que se irán cubrindo as distancias de cada unha das categorías. O lugar de saída será enfrente á caseta de socorrismo no parque da praia da Frouxeira.
- 6- As inscricións faranse a través da páxina web da Delegación Ferrolá de Atletismo (www.fgatletismo.es/ferrol), remantando o prazo ás 20 horas do mércores 16 de setembro. Non poderán tramitarse inscricións o mesmo día da proba.

- 7- A retirada de dorsais será o mesmo día da proba na caseta de socorrismo ata media hora antes de cada proba.
- 8- Os premios serán repartidos da seguinte maneira:
 - Medallas conmemorativas para todos/as na categoría Biberón.
 - Medallas aos/ás 1º, 2º e 3º clasificados/as en cada categoría tanto en masculinos como femeninos dende benxamíns ata veteranás 4
 - Trofeo ao gañador e á gañadora absoluta da proba, así como ao atleta mais xove e ao máis veterán.
- 9- Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpla as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, poderá ser descalificado.
- 10- Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.
- 11- As reclamacións aos resultados oficiais deberán formularse verbalmente ao Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.
- 12- A organización disporá a asistencia sanitaria con ambulancia. Ao finalizar cada carreira haberá servizo de avituallamento para cada participante. A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.
- 13- Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e IAAF en vigor.